

FUCO DE CAMBRIA
e
MARIA GUILLERMINA MOSQUERA,
Premios de xornalismo do
Centro cultural de Begonte

=====

"FUCO DE CAMBRIA"(FRANCISCO RODRIGUEZ FERNANDEZ) ven de obter o PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 50.000 pts. e estatuíña de Sargadelos, convocado polo Centro cultural "José Domínguez Guizán", de Begonte. O premio acadouno polo seu traballo "SAULO DE BEGONTE", publicado no xornal El Progreso o día 8 de decembro de 1990.

O segundo premio, dotado con 25.000 pts. e estatuíña de Sargadelos, foi para o traballo "ALOUMIÑOS DE NADAL, O BELEN ELECTRONICO", de Maria Guillermina Mosquera Sánchez. Este traballo foi publicado en "El Progreso" o día 23 de decembro de 1990.

O xurado calificador dos traballos presentados á XV edición do Certame xornalístico "Begonte e o Nadal", patrocinado pola Consellería de Cultura e Xuventude, estivo formado por :

D.Xosé Trapero Pardo, da Real Academia Gallega
D.Ernesto Sánchez Pombo, Director Adxunto de El Progreso
D.Rafael Vilaseca Otero, xornalista de La Voz de Galicia

Actuou como Secretario do Xurado, representando ó Centro cultural de Begonte, D.José Rodríguez Varela.

Os premios serán entregados o próximo 26 de xaneiro, no decurso dun acto no que se clausurará o Belén Electrónico, e as actividades do Nadal 90-91 en Begonte.